- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión) - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	Unidade 9	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma.	PE	80
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido de textos de certa complexidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar a interpretación das obras lidas.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Recoñecer correspondencias entre o léxico de ambas as linguas e identificar algúns dos trazos morfolóxicos máis salientables.		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos.		
CA2.6 - localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados e mais a consulta de maneira progresivamente autónoma de ferramentas lingüísticas en liña.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa.

Contidos

- Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal.
- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.
- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións.
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos.

Contidos

- artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio)
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Procuraremos sempre un enfoque construtivista, de xeito que cando nos adentremos na explicación dun novo concepto lingüístico indagaremos o nivel de coñecemento previo sobre o tema, co fin de reestructurar este e fixar o novo contido. A indagación levarase a cabo dun xeito práctico na aula a través da presentación de interrogantes sobre a cuestión a tratar.

Non esqueceremos que a natureza da realidade lingüística supón que os nosos alumnos/as son altamente competentes en materia lingüística polo feito de falaren e entenderen unha lingua e que posúen dominio sobre as catro destrezas básicas. Explotaremos polo tanto esta cuestión na medida do posible procurando o espertar da conciencia metalingüística.

Sen perder nunca do noso horizonte os obxectivos xerais tenderemos a priorizar aqueles que fan referencia á produción de mensaxes orais e escritas con coherencia, corrección e adecuación, así como o referente á lectura feita con fluidez, comprensión e actitude crítica. Cremos que capacitalos nestas cuestións é darlles chaves moi importantes para o seu desenvolvemento na vida social. Farémolo frecuentando actividades específicas de construción de textos escritos acompañados de autocorrección ou ben da corrección do profesor/a, así como actividades encamiñadas á comprensión lectora.

Comezaremos por aplicar o principio metodolóxico anterior nas propias aulas, fomentando unha clase dinámica e participativa, na que os alumnos/as teñan que expresarse habitualmente. Aproveitaremos esta circunstancia para introducir contidos como falar en público (a vocalización, o ton de voz) ou o respecto polas quendas de participación. Ademais destes principios metodolóxicos xerais, teremos en conta os seguintes:

- Presentar os contidos dun xeito estruturado, de xeito que exista unha organización interna na súa exposición e facérllela explícita aos alumnos
- Pola súa parte, o arriquecemento léxico será de trato permanente, co fin de fornecer o catálogo de vocábulos e expresións que teñen ó seu dispor na nosa lingua e, sendo conscientes de que este acervo lingüístico é, dos compoñentes lingüísticos, o que sofre as peores consecuencias do proceso de substitución lingüística que sofre o noso idioma.
- Chegar a unha unificación terminolóxica, xa non entre os membros do propio Departamento, senón en colaboración co profesorado que imparte áreas curriculares lingüísticas.
- Procurarase un enfoque basicamente comunicativo da lingua, o que nos levará sempre a ter como pano de fondo o contexto no que se establece o acto comunicativo e os elementos que interveñen nel como condicionantes da mensaxe elaborada. O concepto de adecuación lingüística guiará polo tanto a nosa práctica ó longo desta etapa educativa.
- Trataremos que o alumno/a perciba a utilidade do aprendido, a fin de estimular deste xeito a súa motivación
- Tomaremos como punto de partida e referencia para a análise e reflexión sobre textos diversos tipos de mensaxes, orais ou escritas, só lingüísticas ou nas que o código lingüístico se combina con outros, achegadas polo profesorado ou recollidas polo alumnado (nos medios, en gravacións a outros falantes...), correspondentes a variados ámbitos de uso ou producidas polo propio alumnado a partir -ou non- dos modelos anteriores.
- A análise dos textos ten como obxecto principal desenvolver a competencia lingüística e comunicativa e a este obxectivo subordinase o coñecemento das estruturas fonético-fonolóxicas e morfosintácticas.
- Procurarase integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da capacidade crítica con respecto a ela.
- Nunca perderemos de vista (e así llelo faremos apreciar ó alumnado) a dobre vertente lingüística: individual e social. Como instrumento social, incidiremos no seu papel de identidade dunha comunidade lingüística da que o alumno/a forma parte.
- Distinguiremos, na análise e comportamento sociolingüísticos, por unha parte, o uso das diferentes variedades internas da lingua e por outra, os condicionantes que perfilan a elección de unha das dúas linguas en conflito na nosa comunidade. A este respecto estimularase a autoanálise de cada alumno/a e do seu contorno máis inmediato nos seus comportamentos sociolingüísticos, cotexándoos cos comportamentos xerais do país, ben a través de experiencias, enquisas, informes... elaborados polo propio alumnado, individualmente ou en grupo, ben recabados nos medios de comunicación ou publicacións específicas.
- Non esqueceremos que o alumno/a debe tomar conciencia de que vive nunha sociedade onde existen dúas linguas en contacto, e polo tanto a cuestión das interferencias lingüísticas e da existencia dunha norma estándar terá tratamento destacado na nosa programación.
- Trátase xa que logo de fomentar o método de observación crítica na análise sociolingüística propia e da realidade máis inmediata.
- O achegamento á literatura farase desde a perspectiva da lingua, presentándoa como uha comunicación lingüística cunhas características moi particulares que serán obxecto de tratamento específico. Cóidase necesario facelo desta maneira a fin de evitar que lingua e literatura se desliguen como tantas veces pasa e os textos e autores literarios se convirtn nun fin en si mesmos, cuestión que soe provocar na maioría dos casos que o alumno/a perda todo interese polo *ífeito literario*.
- Os textos literarios servirán para reforzar a consecución dos obxectivos anteriores e para descubrir as propias convencións e gustos literarios, postos en relación cos momentos socioeconómicos e culturais nos que se producen e cos condicionamentos sociolingüísticos de cada época.
- A fin de fomentar o gusto pola lectura aplicaremos distintas medidas como por exemplo a realización dunha enquisa sobre hábito lector, prexuízos sobre literatura e gustos literarios, que nos servirá de punto de partida á hora de propoñer obras de lectura obrigatoria. Outras medidas son a proposta de listas de libros de lectura abertas á elección (por temas, xéneros...), a lectura colectiva, a dramatización...
- Terán tamén trato preferente nas aulas contidos procedimentais que consideramos de especial relevancia non só no desenvolvemento da nosa área, senón no achegamento a aprendizaxes doutros contidos: o uso e contido dos dicionarios, o resumo, os mapas conceptuais, o subliñado, a organización de ideas no texto expositivo e argumentativo...
- Os libros de lectura procurarán sempre ser integrados na práctica da aula no transcurso de cada trimestre, a fin de aproveitar tódalas súas posibilidades, tanto de práctica lingüística como de comentario literario.
- Aplicaremos como método habitual a práctica de autocorrección de escritos e exercicios, por consideralo altamente rendible na corrección dos erros máis habituais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Lingua galega e literatura 3º ESO, ed. Xerais
22 segundos, Eva Mejuto , ed. Xerais
Makinaria, Carlos Negro, ed. Galaxia
Cidade sen alma, Víctor Boullón

Ademais destes materiais, utilizaremos recursos dixitais contidos tanto na aula virtual como no repositorio Abalar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial entregaráselle ao alumnado nos primeiros días de curso e consistirá nunha proba onde, ademais dun texto inicial, se propoñen diferentes cuestións destinadas a valorar os coñecementos previos que teñen adquiridos durante os primeiros cursos da ESO. As preguntas abranguen cuestións tales como: lectura e comprensión dun texto, recoñecemento do tipo de unidades lingüísticas, a acentuación, os campos semánticos e a elaboración dunha pequena redacción.

Esta avaliación non será cualificada numericamente e terá a funcionalidade básica de indicar o nivel xeral de coñecementos adquiridos, así como a detección temperá de dificultades graves no caso de alumnado concreto. Ademais, servirá para introducir, a partir da base dos coñecementos previos, algúns dos novos contidos que se empezarán a traballar durante a primeira avaliación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	11	11	11	11	12	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	82	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	18	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

Porcentaxes de avaliación

- Probas escritas: 60%
- Lecturas obrigatorias: 20%
- Traballo trimestral: 20%

A nota final de curso será a media da nota obtida nas tres avaliacións.

En canto ao tipo e número de probas, establecemos os seguintes criterios xerais:

- Faranse, por norma xeral, dúas probas escritas por avaliación
- As probas estarán destinadas a comprobar se os alumnos e as alumnas adquiriron tanto as destrezas lingüísticas (comprender textos escritos e orais, producir textos orais e producir textos escritos) comprensión de textos, produción de textos escritos) coma os contidos morfosintácticos, léxicos, sociolingüísticos e literarios relacionados coa materia tratada ao longo de cada avaliación.

Coa pretensión de fomentar o hábito lector entre o noso alumnado, este poderá facer lecturas voluntarias que serán computables da seguinte maneira:

-poderanse facer un máximo de 2 lecturas voluntarias por avaliación

- cada unha será valorada ata un máximo de 0,25 puntos, é dicir, computarán como máximo entre as dúas 0.5 puntos

-estes 0,5 puntos seranlle sumados á nota de avaliación do alumno/a só unha vez que aprobou esta, é dicir, é condición para proceder á suma ter superada a correspondente avaliación.

Desconto por erros

- Os erros gramaticais, léxicos ou morfosintácticos descontan 0,1 puntos.
- Os erros ortográficos comúns descontan 0,1 puntos, incluídos os tiles diacríticos. Os tiles non diacríticos descontan 0,05 cada un.
- O desconto máximo nas probas de temario é de 1,5 puntos, mentres que nas probas de lectura se descontará un máximo de 0,5 puntos.

Desconto por erros no alumnado con diagnóstico de dislexia

- Cada cinco erros ortográficos, gramaticais ou morfosintácticos descontarase 0,1 puntos.
- Os erros léxicos (castelanismos) descontarán 0,1 cada un.

Criterios de recuperación:

No caso de haberen alumnos ou alumnas con avaliacións suspensas, faranse recuperacións ao longo do curso atendendo os criterios seguintes:

- Farase unha recuperación por avaliación.

A proba de recuperación consistirá nun exame no que se volva preguntar polos contidos de ambos os dous parciais, mantendo para este exame o 60% correspondente ás probas escritas. Para o cálculo da nota final da avaliación, á nota obtida neste exame de recuperación sumaráselle a nota obtida ao longo do trimestre polo alumnado no resto dos criterios de cualificación (nota de traballo e nota de lectura).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado coa materia pendente doutros anos entregaráselle os contidos que figuran na programación e sobre os que será examinado.

O profesorado de lingua galega e literatura do grupo en que están matriculados este curso os alumnos pendentes entregaralles as actividades ou os traballos da materia pendente que lles van servir de guía para a preparación das probas e farán un seguimento ao longo do curso.

Os alumnos coa materia pendente serán atendidos pola xefa de departamento durante o 2º recreo dos mércores no caso de que existan dúbidas sobre o procedemento.

Avaliación

- O alumnado coa materia pendente pode optar por presentarse aos dous exames parciais e/ou a un único exame que se celebrará en datas próximas ás da 3ª avaliación e que preguntará polos contidos globais da materia.
- No caso de presentarse aos dous parciais, a nota final será a media obtida neses dous exames.
- No caso de presentarse ao último exame a nota obtida será a deste único exame.
- No caso de un alumno presentarse aos dous exames parciais e suspender a materia, terá a posibilidade de presentarse ao exame final.
- Entréganse exercicios-tipo de cada tema que o alumno/a voluntariamente pode facer para a preparación dos exames, pero que non son de entrega obrigatoria.
- En caso de dúbidas pode dirixirse tanto ao seu profesorado de Lingua galega e literatura durante este curso como á xefa de departamento.

6. Medidas de atención á diversidade

Como medidas xerais de atención á diversidade, podemos citar as seguintes:

- Contacto permanente co Departamento de Orientación Educativa, a fin de asesorarnos sobre procedementos de adaptacións curriculares e reforzo educativo, así como na aplicación dos protocolos correspondentes.
- Deseño, por parte do departamento, de actividades de reforzo tanto no caso de alumnos/as que necesiten complementar a súa formación por non teren o suficientemente adquiridos determinados coñecementos fundamentais, como naqueles casos (se os houber) de alumnado que posúe un nivel de coñecemento superior ó da media .
- Ofrecer, na medida do posible, diversidade de opcións á hora de presentar traballos, propoñer libros de lectura ou exercicios de varios niveis de dificultade
- Elaboración e procura de material axeitado dirixido a alumnos con especiais dificultades no coñecemento da lingua galega, ben sexa por un desfase académico ou ben por tratarse de alumnado exento da nosa materia que se incorpora por vez primeira ó seu estudo

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Respecto e valoración da diversidade lingüística	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - escoita activa e respecto polas opinións alleas	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Linguaxe non sexista ou discriminatoria								
ET.4 - Feminismo e igualdade de dereitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Respecto polos dereitos humanos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Respecto e valoración da diversidade lingüística	X
ET.2 - escoita activa e respecto polas opinións alleas	X
ET.3 - Linguaxe non sexista ou discriminatoria	X
ET.4 - Feminismo e igualdade de dereitos	X
ET.5 - Respecto polos dereitos humanos	X

Observacións:

Todos estes contidos son transversais á materia e, polo tanto, de xeito directo ou indirecto trataranse en todas as unidades do curso, aínda que poidan ser máis importantes nalgunhas unidades (por exemplo, ao tratar a sociolingüística ou a situación das linguas na Península Ibérica). Igualmente, trataranse tamén a través de lecturas obrigatorias, das que se tirarán exemplos que sirvan para pensar, comentar e debater calquera destes elementos transversais, así como temáticas que gardan relación coa educación afectivo-sexual.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Representacións teatrais	Ao longo do curso e segundo vaian estando dispoñibles o alumnado poderá asistir a diversas representacións teatrais		X	
Visita a exposicións	Se ao longo do curso tamén se poderá asistir co alumnado a exposicións de interese para complementar o currículo.		X	
Día das letras galegas	O departamento colaborará coa celebración deste día sinalado con recitados, dramatizacións, concursos, exposicións... en relación á figura homenaxeada.			X
Encontros con escritores/as	Promoverase a visita de escritores e escritoras como unha medida de fomento da lectura	X		
Celebración do Día de Rosalía	Desenvolveranse actividades no centro para conmemorar a figura de Rosalía de Castro		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.
Existe unha distribución temporal equilibrada.
Grao de seguimento da aprendizaxe dos alumnos.
Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).
A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes.

Medidas de atención á diversidade
Adecúase o desenvolvemento da clase coas características do grupo.
Adóptanse medidas para coñecer as dificultades de aprendizaxe.
Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronselles a coñecer: - aos alumnos - ás familias

Descrición:

Neste apartado constátanse indicadores de logro que consideran distintos aspectos da programación didáctica: adecuación da temporalización, da metodoloxía empregada, dos criterios de avaliación e cualificación, así como a capacidade de resposta á diversidade detectada na aula

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da aplicación da programación farase nomeadamente a través das reunións de Departamento, onde se revisará periodicamente a súa aplicación, así coma os posibles cambios que haxa que efectuar na mesma de ser necesario no decorrer do curso. Todos os acordos serán recollidos nas correspondentes actas de reunión. Amais disto, ao final de curso farase unha reflexión xeral sobre a aplicación da programación atendendo aos seguintes criterios:

- coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- distribución equilibrada da temporalización.
- secuenciación é axeitada
- validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes
- o libro de texto e os libros de lectura propostos axústanse ao desexado
- o grao de consecución mínimo dos contidos fixado está ben axustado
- os instrumentos de avaliación son os idóneos
- os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- os instrumentos de avaliación permiten rexistras distintas variables da aprendizaxe

9. Outros apartados